

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA A CONFECCIÓN DUHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN DA CATEGORÍA DE LOGOPEDA

No Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas, sendo as 09:00 horas do día 24 de agosto de 2022, reúnese o tribunal, nomeado por resolución da alcaldía 2022-1646, de 10 de agosto de 2022, que valorará ás aspirantes á praza, aprobada por decreto de alcaldía 2021-2545, de 11 de novembro de 2021, correspondente a un posto de Logopeda.

Da composición do tribunal, nomeada segundo a citada resolución e convocada para o día de hoxe, están presentes:

Dna. Elizabeht Mella Lorenzo, en calidade de Presidenta; D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de secretario; Dna. Susana Lamela Pérez, en calidade de vogal; Dna. Beatriz Iglesias Rodríguez, en calidade de vogal e Dna. Leticia Vivian García Ramos, en calidade de vogal.

Existindo quórum para a celebración do tribunal, procédese a valoración da fase de concurso, previa o desenvolvemento da oposición, segundo o establecido na base 5, "Procedemento Selectivo" das base específicas, co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	VALORACIÓN MÉRITOS			PUNTOS TOTAIS
	FORMACIÓN	GALEGO	EXPERIENCIA	
ARES FERNÁNDEZ, MIRIAM	0.1	1	0.6	1.7
CONDE GONZÁLEZ, MARÍA	0.65	-	5	5.65
FREIRE DEUS, PATRICIA	-	1	0.50	1.50
GARCÍA NÚÑEZ, ANA ISABEL	-	1	0.40	1.40
PÉREZ LORENZO, SANDRA BEATRIZ	1	1	3	5

Visto o cal, o tribunal convoca ás candidatas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (obrigatorio e eliminatorio), o día 06 de setembro de 2022, ás 09:00 horas en: Centro de Desenvolvemento



Local de Ponteareas. Cruceiro da Lomba 5, 36866 Ponteareas. Ás aspirantes deberán acudir provista de DNI e bolígrafo azul.

Sendo as 12:40 horas da data do encabezamento e de orde da presidenta, levántase a sesión da que eu, como secretario dou fe mediante a presente acta.

Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoración ou ante ou órgano que o nomeou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documento asinado electronicamente.

